



Diego Fernández

Director xerente
Hidrofersa



// Sector
Industrial



// Localización
Viveiro



// Ano de constitución
1959



// N^o empregados
30

// Descrición da empresa

Hidrofersa foi creada para lle dar soporte de mantemento á frota pesqueira do porto de Celeiro. Actualmente, conta con dúas liñas de negocio: a primeira consiste na fabricación de repostos ou partes segundo plano ou baixo mostra, e de deseño propio, na que destaca a súa capacidade para realizar a fabricación de engrenaxes e trens de engrenaxes; a segunda, pola contra, céntrase no deseño, desenvolvemento e fabricación de maquinaria a medida, na que destaca o seu produto de cabrestantes industriais e maquinaria de cuberta no sector naval-militar.

“Levar a cabo este servizo de diagnose 4.0 permitiunos concretar por onde debemos comezar”

Diego Fernández. Director xerente de Hidrofersa

// Descrición do proxecto

Hidrofersa tiña dúbidas sobre como adaptar o seu negocio e o seu proceso produtivo ao novo modelo de industria 4.0. Querían contar cunha análise da situación actual da empresa e determinar os pasos que debían seguir para introducir as solucións tecnolóxicas necesarias para a adaptación da compañía ao novo modelo industrial. Este foi o motivo principal para solicitar o servizo de diagnose das capacidades e aplicación das solucións de industria 4.0.



O primeiro paso foi organizar un grupo de traballo interno, en compañía do axente colaborador, para elaborar unha análise das capacidades organizativas e tecnolóxicas de cada departamento. O obxectivo era chegar a un consenso sobre o estado actual da empresa e o camiño necesario para aplicar as solucións de industria 4.0. Unha vez decidido o itinerario que debían seguir, o persoal recibiu formación para familiarizarse cos conceptos e as tecnoloxías habilitadoras que ían adaptar.



// O resultado

Despois de realizar a primeira sesión de traballo en grupo xunto co axente colaborador, obtívose unha visión real da situación da empresa, das capacidades organizativas coas que contaban os diferentes departamentos así como das capacidades tecnolóxicas que dispoñían para afrontar o reto de adaptarse á industria 4.0. Tras a segunda sesión, estableceuse o punto de partida para comezar a realizar as accións a curto e medio prazo encamiñadas a mellorar o posicionamento da empresa en canto á aplicación de solucións tecnolóxicas.

Como resultado final da súa participación no Re-acciona TIC, Hidrofersa decidiu que o camiño apropiado era centrarse na conectividade das máquinas para a extracción e a explotación dos datos que se obteñen destas de cara a optimizar os recursos con que conta a empresa así como os seu procesos.

*"Coa nosa participación
no programa obtivemos
unha mellora continua
da nosa competitividade
apoiados no avance
tecnolóxico
dentro da
filosofía 4.0"*

Diego Fernández
Director xerente de Hidrofersa



// Web
<http://hidrofersa.com>



// Vídeo
Ver video

Re-acciona

Programa para a mellora da competitividade das pemes galegas posto en marcha polo Igape e que conta coa cofinanciación da Unión Europea a través do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020.